



A demarcación de costas está ampliando na praia de Ponche do Porco o **paseo de madeira** e dende o primeiro día o trazado que se observa fai pensar que vai ser moi difícil aparcар na praia.

A Directiva da Asociación non tiña coñecemento do trazado do novo paseo e intentará que o mesmo modifíquese de acordo ao gusto do todo o mundo e pensando no mellor para o pobo.

Se o trazado non se modifica por parte de costas, solicitarase por escrito a apertura dun paso á praia para que poidan seguir realizándose as festas na mesma, así como o acondicionamento dun aparcadoiro para non perder visitantes ao noso pobo.